

## PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 15

### **CONVOCATORIA**

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA que terá lugar o día 27 de XUÑO de 2005, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

- 1.- Actas anteriores. (Sesións extraord. 01.04 e 25.04, ordinaria 25.04 e extraordinarias 11.05 e 23.05).

#### URBANISMO E MEDIO AMBIENTE

- 2.- Aprobación definitiva do estudo de detalle da UE I.02 Regueiro. Expte. 8857/411.
- 3.- Posta a disposición de terreos a favor da Xunta de Galicia para a construción dun cuarto hospital en Vigo. Expte. 4603/401.

#### XESTIÓN MUNICIPAL

- 4.- Establecemento da xestión indirecta mediante concesión administrativa como a forma de presentación do servizo público de mantemento e conservación das instalacións do alumeadado público. Expte. 11257/444. (Pdte. Pleno 30.05.06)
- 5.- Autorización de comisión de servizos do funcionario municipal D. Alfonso Ramos Covelo, Presidente do Tribunal Económico Administrativo Municipal, solicitada polo Consello de Administración do ente público Consorcio Casco Vello de Vigo.

#### SERVICIOS XERAIS

- 6.- Dar conta de solicitude de subvención á Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado para o proxecto de supresión de barreiras arquitectónicas no entorno comprendido entre as rúas Velázquez Moreno, Ronda de D. Bosco, Joaquín Lóriga, Ecuador, Vázquez Varela, Urzáiz, Baixada á Estación, Alfonso XIII, García Barbón, Isaac Peral, Areal e Praza de Compostela.

#### MOCIÓNS

- 7.- Moción da Alcaldía sobre protocolo de colaboración entre Concellos da "Ruta Antonio Palacios".
- 8.- Moción do Grupo municipal do PG reiterando o contido de anterior moción aprobada por unanimidade no Pleno da Corporación relativa á operatividade do Aeroporto de Peinador.

- 9.- Moción do Grupo municipal do PG solicitando que se fagan estudos técnicos para a recuperación das vistas da ría que están a desaparecer polo crecemento das árbores.
- 10.- Moción do Grupo municipal do BNG solicitando dar o nome de Celso Rivas Pérez a unha rúa de Beade.
- 11.-Moción do Grupo municipal do BNG instando a constitución dunha comisión especial que estude a constitución dun ente público de cara á xestión pública integral da Recadación Executiva.
- 12.- Moción do Grupo municipal do BNG propoñendo o arranxo dos deterioros da área de xogos infantís e axardinamento do entorno do local social da AVV "Val do Fragoso".
- 13.- Rogos e preguntas.

**URXENTES.-**

- A.- Moción do Grupo municipal do BNG sobre situación dos vendedores do mercadiño da Ronda de Don Bosco.
- B.- Moción do Grupo municipal do PSdeG-PSOE sobre a situación dos veciños da EDAR de Coruxo.
- D.- Moción do Grupo municipal do PSdeG-PSOE sobre a plena equiparación de dereitos para lesbianas, gais, transexuais e bisexuais.

**DECRETO DE CONVOCATORIA:**

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes conclusos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ORDINARIA no salón de Plenos ás NOVE horas do día VINTESETE DE XUÑO para resolver los asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concurrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

Vigo, 23 de xuño de 2005

O ALCALDE ACCTAL.,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Manuel Figueroa Vila

José Riesgo Boluda.